



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Intervención en Xerontoloxía	Código	653540003	
Titulación	Máster Universitario en Xerontoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	González-Abraldes Iglesias, Isabel	Correo electrónico	i.gonzalez-abraldes@udc.es	
Profesorado	González-Abraldes Iglesias, Isabel Marante Moar, María Pilar Millan Calenti, Jose Carlos	Correo electrónico	i.gonzalez-abraldes@udc.es p.marante@udc.es jose.millan.calenti@udc.es	
Web	estudios.udc.es/gl/subject/4540V01/4540003/2021			
Descrición xeral	Coñecer os diferentes tipos e programas de intervención en xerontoloxía, co obxectivo de poder aplicar os distintos coñecementos en procesos de intervención con persoas maiores.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sesión maxistral - Proba obxectiva <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As clases maxistras e as prácticas a través das TIC pasarán a darse de forma virtual a través da plataforma de Microsoft Teams. A proba obxectiva pasaría a realizarse empregando Moodle. A atención personalizada para a resolución de dúbidas farase mediante Microsoft Teams, Moodle e por correo electrónico.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas e solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas. ? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos temas? da materia, para formular as consultas necesarias. ? Teams: 1 sesión semanal en grupo para o avance dos contidos teóricos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. - En caso de que o alumnado teña problemas de conexión a internet poderase utilizar a vía telefónica. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as porcentaxes da avaliación, especificadas na guía docente, realizando o exame de forma virtual mediante a ferramenta Moodle.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As referencias ao cómputo da asistencia, que se realizarán respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial e a partir de aí considerarase a asistencia ás clases virtuais no horario establecido previamente co alumnado. - En caso de ser preciso, a oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a 1ª oportunidade. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título



A1	Ser capaces de recoñecer as principais patoloxías e síndrome xeriatricas mediante a aplicación de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito da xerontoloxía
A2	Ser capaces de aplicar o método de valoración xeriatrica e xerontolóxica integral a fin de poder establecer as bases para implementar o plan de atención individualizado
A5	Adquirir coñecementos que lle permitan establecer o recurso Xeronto-xeriatrico adecuado de acordo ás características da persoa maior
A6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do campo da Xerontoloxía, en contextos interdisciplinares tanto públicos como privados e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia do coñecemento.
A7	Adquirir coñecementos avanzados e demostrando, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo no campo da Xerontoloxía
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatría
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as principais intervencións no paciente xerontolóxico.	AP1 AP5 AI1 AI2	BM1 BM2	CM3
Comprender as características que han de reunir os equipos de intervención en Xerontoloxía.	AP2 AP5	BM3 BM4	CM2 CM3
Razoar metodicamente co resto de membros dun equipo profesional, estando capacitados para discutir a información e interactuar co fin de obter as conclusións máis adecuadas acerca das pautas de intervención e acordo ás valoracións previas.	AP1 AP2 AP5 AI1 AI2	BM1 BM2 BM3 BM4	CM2 CM3
Desenvolver habilidades de aprendizaxe para que a partir dos criterios de valoración establecidos poder establecer as pautas de intervención adecuadas á problemática exposta.	AP1 AP2 AI1	BM2 BM3 BM4	CM3
Proporcionar os coñecementos necesarios para o deseño, o desenvolvemento, a execución e a avaliación dos diversos programas de intervención.	AP1 AP2 AI2	BM2 BM3	CM3
Coñecer as tendencias actuais da planificación, programación e control da clase nas actividades físicas para as persoas maiores.	AP1 AI1 AI2	BM1 BM2 BM3	CM3
Realizar a planificación de programas tipo e de diferentes sesións de actividade física en seco e en auga	AI1 AI2	BM1 BM2 BM3	CM3



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Bases biolóxicas do proceso de envellecemento	1.1 Envellecemento e cambios sensoriais e perceptivos. 1.2 Cambios no sistema nervioso central (SNC) asociados ao envellecemento 1.3. Cambios estruturais; 1.4. Cambios funcionais; 1.5. Plasticidade cerebral
TEMA 2. Bases psicosociais do proceso de envellecemento	2.1 O envellecemento como proceso. 2.2 O envellecemento como proceso de adaptación emocional. 2.3 A construción das etapas do proceso de envellecemento. 2.4 Funcionamento psicolóxico e envellecemento. 2.5 O reto da soidade na vellez.
TEMA 3. Técnicas non farmacolóxicas aplicadas a persoas maiores	3.1 Concepto de terapias non farmacolóxicas (TNF). 3.2 TNF orientadas á persoa maior.
TEMA 4. Intervención nos síntomas psicolóxicos e conductuales da demencia	4.1. Síntomas psicolóxicos e conductuales da demencia. 4.2 Xénese dos SPCD 4.3 Manexo xeneral dos SPCD. 4.4 Terapias non farmacolóxicas orientadas aos SPCD.
TEMA 5. Alimentación e nutrición saudable	5.1 Necesidades nutricionais en persoas maiores. 5.2 Pirámide de alimentación saudable.
TEMA 6. Benestar e desenvolvemento persoal ao longo da vida: envellecemento positivo	6.1 O benestar das persoas maiores 6.2 Xerontoloxía positiva 6.3 Emocionalidad positiva 6.4 Intervencións multimodales: Programas para a mellora do benestar en persoas maiores.
TEMA 7. Lecer e tempo libre en Xerontoloxía	7.1 O aproveitamento do tempo lecer desde unha perspectiva saudable: implicacións socio-educativas. 7. 2 Programas para o desenvolvemento persoal por medio do lecer
TEMA 8. Intervención psicosocial	8.1. Programas orientados ao benestar psíquico-cognitivo-emocional. 8.2 Programas para o desenvolvemento emocional. 8.3Programas para vivir máis felices con sentido do humor. 8.4 Programas para traballar a reminiscencia e a identidade persoal.
TEMA 9. Intervención sobre cuidador informal de persoas dependentes	9.1 O marco teórico e aspectos xerais da intervención terapéutica con cuidadores. 9.2 sesións de intervención terapéutica. 9.3 A enfermidade de Alzheimer: da reacción ao diagnóstico e á súa comprensión. 9.4 Como relacionarse coa persoa con Alzheimer- 9.5 Manexar a ansiedade: aprender a relaxarse. 9.6 Integración do rol de cuidador na identidade persoal. 9.7 Potenciar a resiliencia xestionando as propias emocións. 9.8 A empatía coa persoa con Alzheimer.
TEMA 10. Programas para a promoción da saúde	10.1 Os novos roles das persoas maiores: inquietudes e necesidades. 10.2 Desenvolvemento persoal e ciclo vital. 10.3 Programas de promoción de saúde para adultos maiores
TEMA 11. Exercicio, mobilidade e actividade física	11.1 Concepto de exercicio, mobilidade e actividade física. 11.2 Promoción da práctica de actividade física no adulto maior
TEMA 12. Prevención da fraxilidade a través da actividade física	12.1 Concepto de fraxilidade. 12.2 Programas preventivos
TEMA 13. Novas tendencias de programas de exercicio e benestar en maiores	13.1 O exercicio físico como hábito saudable 13.2 Envellecemento activo, calidade de vida e exercicio físico



TEMA 14. Da eliminación de barreiras ao deseño universal. Produtos de apoio	14.1 Historia da accesibilidade. 14.2 Produtos de apoio: concepto e clasificación. 14.3 Prescrición e usabilidade de Produtos de apoio nas persoas maiores
TEMA 15. Novas tecnoloxías na intervención con persoas maiores.	15.1 Tecnoloxía para maiores: aplicacións e dispositivos de utilidade. 15.2 Programas de intervención a través das novas tecnoloxías.
TEMA 16. Intervención en coidados paliativos.	16.1. Algúns antecedentes históricos e desenvolvemento da medicina paliativa 16.2 Obxectivos específicos de intervención en coidados paliativos 16.3 Intervención psicolóxica en coidados paliativos: revisión e perspectivas. Equipo multidisciplinar

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Recensión bibliográfica	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	0	10	10
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	0	10	10
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	4	40	44
Sesión maxistral	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4	32	0	32
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica	Análise crítica dun artigo científico mediante a súa comparación con outros artigos do mesmo ámbito
Traballos tutelados	Realización de traballos de revisión bibliográfica
Proba de resposta múltiple	Exame tipo test composto por corenta preguntas con catro respostas cada unha das cales unicamente unha será correcta.
Sesión maxistral	Exposición dos diferentes temas que constitúen a materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Daránselle pautas ao alumno para realizar os traballos

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	Análise crítica de varios artigos científicos	20
Traballos tutelados	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	Elaboración de Traballos	30
Proba de resposta múltiple	A1 A2 A5 A6 A7 B1 B2 B3 B4 C2 C3	Exame tipo test composto por 40 preguntas con catro respostas cada unha das cales unicamente unha será correcta	50

Observacións avaliación



Para superar a materia é necesario superar cada una das partes que a compoñen

TRABALLOS

TUTELADOS: Caso de detectar fraude, copia ou plaxio na redacción do traballo da materia, implicará un suspenso na oportunidade de avaliación afectada (0,0) e remisión directa á oportunidade seguinte. Dita actitude comunicárase á Comisión Académica e ao resto de profesores do título. En caso de que se reitere a irregularidade nunha 2ª avaliación, a Comisión poderá solicitar ao Reitor a expulsión temporal ou perpetua do alumno do Mestrado cursado

Fontes de información

Bibliografía básica	- Millán Calenti JC (2011). Gerontología y Geriatría. Valoración e Intervención. Madr. Ed. Médica Panamericana - Millán Calenti JC (2006). Principios de Gerontología y Geriatría. Madrid. Ed. Mc-Graw Hill Interamericana
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Valoración en Xerontoloxía/653540002

Xerontoloxía Clínica I/653540005

Materias que continúan o temario

Patoloxía e Intervención Xeriátrica/653540008

Observacións

